Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos

# GALICIA

## DIARIO DE VIGO

LOS HECHOS Y LOS DIAS

### EL TREN DEL PIRINEO

Por V. PAZ ANDRADE.

En otro campo que no fuera el puramente periodístico, habríamos tenido que abstenernos de contradecir al dilecto colaborador de "El Pueblo Gallego," que se nos reveló ayer como adversario decidido del proyectado ferrocarril Vigo-Francia. Tratándose —como se trata— de un problema cardinal, que afecta vitalmente al porvenir de la tierra gallega, estimamos que no debe [illegible] la expresión de nuestro sentir, la circunstancia de que no sea coincidente con el [illegible] sustenta una alta autoridad militar, no como tal, sinó como ciudadano falible. Por esa razón, nos permitimos disentir, públicamente, de su criterio.

Que el ferrocarril de que se habla pueda o no ser «un desastre económico», antójasenos una cuestión demasiado compleja y árdua para que pueda resolverla quienquiera que sea, en la prosa de un par de párrafos periodísticos. Mejor hubiera sido—en vez de ponerse a combinar cálculos de probabilidades acerca del curso de mercancías y viajeros—dejar el examen de ese aspecto para el estudio concienzudo y profundo de los técnicos. Los que no estamos dotados de una competencia especial para resolver determinados teoremas, prudentemente obrando, debiéramos eludir el pontificar sobre ellos.

28 de maio de 1924

LOS HECHOS Y LOS DIAS

### JUSTIFICANDO NUESTRO SILENCIO

Por V. PAZ ANDRADE.

Tras del artícuio que apareció anteayer en este mismo lugar, acerca del proyectado ferrocarril del Pirineo, acaso esperen los lectores de GALICIA algunas nuevas alegaciones nuestras, enderezadas a compensar la insistencia con que defiende la tesis adversa al anhelo de Vigo, el asíduo colaborador de «El Pueblo Gallego» a quien tuvimos el honor de contradecir.

Tal era, en efecto, nuestro pensamiento, cuando suponíamos que era posible objetar, con todos los respetos, al articulistá de «El Pueblo», solamente en calidad de tal, y sin tener en cuenta que otra personalidad—al parecer, ni siquiera momentaneamente alienable—le adorna; sin acordarnos, para decirlo con sus palabras, «del puesto que ocupa».

30 de maio de 1924

Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos

Vigo, 15 de outubro de 1956

## LA CORUÑA, LA PESCA, LA DIPUTACION Y EL ARBITRIO



El otoño en La Coruña suele representar la recaída en la placidez. El aire se libera de los gases quemados por los automóviles estivales, vuelve al sueño nativo la arena de las playas, y los periódicos arrinconan temporalmente el incensario. Mas parece que en este otoño las cosas están sucediendo de otro modo, y precisamente en el campo que pudiera considerarse amojonado por los cuatro conceptos que interpolamos en el epígrafe.

La Coruña recobró ahora su animación merced a una polémica. La sostienen, la Diputación de una parte, pretendiendo 5.000.000 al año para concertar el Arbitrio sobre la Riqueza Provin-

la base de toda la flota parejera española que trabaja en Terranova, si el Ayuntamiento no hubiera tenido la lamentable ambición de someter el bacalao verde no su… bastado en Lonja al mism… régimen que aplica al pesca… do fresco. Como no vió con equid… y con claridad el problema, lo que hi… fué trabajar en favor de Pasajes, q… hoy concentra la mayor parte de aq… lla flota.

El presidente pone sobre el ta… otro argumento: el de la atención… la Diputación presta a los puertos… queros. Hasta ahora es la primera… que una Corporación provinci… adorna públicamente con tal tít…



Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos


# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V—NÚMERO 133—1 FEBREIRO 1921


### Nazonalización da cultura

## Galizia e-a Universidade de Compostela

Denantes de pensare en redimire a Galizia das servidumes políticas, témonos que por en camiño prá reconquista dos nosos valores espirituaes. Compre urxentemente liberar a cultura galega das xibosas deformaciós a que teñena condanada as violentas alleas. O pensamento i-o sentimento han percorrer regos paralelos. Reconquerido o noso poder espiritual axiña recrobaremos o poder temporal. Ista fondamental obra débese escomenzare rescatando pra Galizia a posesión das fontes da sua vida mental, ou seza, nazonalizando a produción das ensinanzas profesioal e artística. N'esta direición temos que canalizare a voutade d'aición i-os impetos da loita, e, com'a Universidade e forza das almas mozas nas que Galizia ten posto seus ollos de nay; como e hoxe, inda que apobrido e caducente, o viveiro dos futuros homes dirixentes, a Universidade terá de costituire un dos oxetivos preferentes d'aktividade galeguizadora.

Unha Universidade, a mais da misión estreita que lle compre n'orde a formación académica profesioal, e da misión abstrata do rebusco e laboración da verdade científica, ten a outa función sociale de colaborar, dirixindo, na creación da cultura propia e xeral do país. Mais a Universidade de Santiago deixa incumpridas, senón todas, cando menos a derradeira das finalidás asiñaladas. Lonxe de se manter encorporada a vida do pobo, o úneco froito reial do seu traballo docente fica reducido a esportación de médicos a Castela i-a tallare abogados trapaceiros en cerne de cacique. Da friaxe das aulas universitareas fai tempo que emigróu a y-alma de Galizia e qué voaron, c-o ela, as aveelas do pensamento. A sua zona d'infruxo cultural non s'estende fora dos murallós da sombriza Compostela. Soilo estirricando a xenerosidade poideramos ampriare o hourizonte espritual da Universidade até o circo que maxinariamente se desquirbira,

A Coruña, 1 de febreiro de 1921







## O PINO DE BENI-HASSAN

*Gloria anedóctica, ô tema da páxina antecedente.*

Un dia de sol e de guerra, coas retinas cansas de copiar terras ermas, camiñando a carón da serra africana de Beni-Hassan, aló nas entranas broncas de Yebala, olléi sorprendido a un pino na ladeira d-un *kudia*. No intre de o descrubir,

Pontevedra, 25 de xullo de 1922

# Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos




Ourense, n. 80 de 1930



A NOSA DEFINICIÓN AUTONOMISTA

V. PAZ-ANDRADE

DUAS VOCES E DOUS CAMIÑOS

Señoras miñas, Señores:

Voces verdadeiramente auténticas de Ga-
a, das que recollen e sinfonizan na gama
seus bariles acordes, os latexos mais
nos das entranas da raza e os recendos
enxebres e quentes da Terra, pódese
que hoxe despecharon eiquí, a xurdia.

servidume, ou o da proísima liberdade; o da permanente descalificación civil, ou o da decencia cibdadán reconquerida e trunfante; o do sometemento á sistemas e rexímes incompatibles co-a sua Natureza e a sua prosperidade, ou o da emancipación salvadora, que faga de Galicia, en vez d-unha terra envilecida e despreciada, unha rexión viva e culta, poboada por homes libres. (Aprausos).

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos






Agosto - 1.951 T A P

## A VOZ DE CURROS

Por V. PAZ - ANDRADE

Curros Enriquez ven este ano car-a nos. Por enriba do seu nome pasaron xa cen invernos. Os ventos d-outros tantos outonos puderon abalar a sua figura, despil-a da frouma achegadiza, deixal-a en liñas intemporaes, coallada en proporcións definitivas.

"Descubrir un home por detrás das suas accións pareceme mais interesante do que as propias accións". D-este xeito pensa Luwing, mestre na esculca e valoramento de vidas esgrevias. Por detrás das propias accións, alem do adxetivo e continxente, é, puderamos engadir, por cima das nosas conviccións.

C-o arredamento que un centeario permite, ben se poderia tentar a síntere do home e da obra, sen mesturar n-ela topicos sorodios ou materiaes alleos a utilidade da revisión. Compre partir d-unha base operante na escada das categorias humáns, e non de conceptos preelaborados nas cativeces da retorica ou do fanatismo.

Noia, agosto de 1951

REV 650

# NODALES



Fachada Principal del Templo de Santa María la Mayor, que conmemora su cuarto centenario. 1559-1959.

REVISTA DEDICADA AL CORPUS POR EL GREMIO DE MAREANTES

PONTEVEDRA MAYO 1959



# La Ciudad y su destino económico

Por V. PAZ ANDRADE

## RENUNCIACIÓN A LA MAR

EN las páginas de la historia de Pontevedra, no se ha grabado un viraje de Mayor relevancia que el de la renunciación a la mar. Nos referimos a la mar como destino colectivo, focalizador del trabajo de los hombres. Al elemento natural bajo cuya égida económica Pontevedra se ha ungido con los resplandores de la gloria que, aun extinguida hace siglos, sigues inspirando en nosotros evocaciones reverenciales.

El alma vieja de la Villa, parecía tener sus raíces adheridas a los «petrazos» de la Moureira. Se forjara en la soledad de los espacios líquidos, en las zozobras del riesgo fecundo, en las luchas y en los fervores gremiales. Y fué poco a poco perdiendo densidad y brío, a medida que el aire marinero dejaba de circular por sus venas. A medida que la economía se iba convirtiendo en mitología.

Dijérase que al iniciarse ese largo proceso de depresión, los afanes de la ciudad comenzaran a polarizarse hacia los espejismos del favor político. Como si buscara en un grado de relativo auge oficial, el desquite a la decadencia vital. En el curso de esta fase, que es también en el fondo de reacción antimarítima, el episodio culminante podría situarse en 1833. Con acentuado tufillo de merced real, un día de aquel año quedó victoriosamente resuelto el pugilato de la capitalidad.

La ambicionada jerarquía administrativa, se ha convertido desde entonces en eje de la economía local. Y hasta en patrón preponderante de su tímido crecimiento. Como secuela directa de semejante jiro desviatorio se fueron sumiendo en el adormecimiento las energías propias, a cambio de mantener despierta la captación de las regalías estatales.

Pontevedra, maio de 1959

Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos

Vigo, xaneiro-decembro de 1962


REVISTA DE ECONOMIA DE GALICIA

HOMENAJE A GALLÁSTEGUI

Año V • Enero-Diciembre 1962. • Números 25-30

Galaxia

# Esquema teórico del desarrollo regional

por

V. PAZ-ANDRADE

*A la memoria de Cruz Gallástegui Unamuno. Vivió para entregar a la pobreza oscura del sector agrario de Galicia, la diáfana riqueza de su saber científico y tecnológico. Murió, entre el verde rumor de los maizales de Salcedo, sellando así el mensaje esencial que su vida y su obra representan para la rehabilitación económica de nuestra tierra.*

## Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos

### A FONTE AUTOBIOGRÁFICA NA NARRATIVA DE CASTELAO

ade do escritor —o segundo no que se des-
e de Castelao— chegou a ter dura de trinta
desdoblando no cadrante, entre ben redondos
vin

N. 71
1981




### OS TRINTA DÍAS DE CASTELAO NA URSS

*Ao teu lembro, Rafael,*
*alba sen estrelecida,*
*a raiolar sobre a morte*
*na contra-sombra da vida.*
*V. P. - A.*

POLO MAR A LENINGRADO

A estada interbélica de Castelao en Barcelona, non foi sosegada nin longa. Dou cabo denantes do que o residente supoñía. Ainda contando, como de certo contaba, con que toda previdencia viña exposta ás tarascadas de Marte.

### VIDAS CONVERXENTES E MORTES PARALELAS

*La palabra poética es mediación entre lo sagrado y los hombres y así es el verdadero fundamento de la comunidad.* Octavio Paz [1].

RESGATE DO "ESPACIO AMADO"

Nin do un nin do outro rolóu o berce no chan galego. Compre adiantar o dato, cal un primeiro rasguño de isomorfia adventicia.

N. 75
1982

Vigo, n. 65
1979

# Primeiros anos do Castelao artista

Por VALENTIN PAZ-ANDRADE

Penso que ven de obriga escomenzar pol-a citación de unha data. O do 30 de xaneiro de 1886. Logo se porán a doblar lembrativamente, nos companarios de Galiza, os sinos do centenario. Para chegar aló faltan somente un ano e poucos meses. Na alborada de aquele dia, no recanto íntimo de un fogar mariñeiro, viña ao mundo unha criatura, marcado por clara predestinación. A de queimar sua vida e seu arte no altar da terra nativa.

O Belén de aquél nascimento chamase Rianxo, 1. Unha pequena vila, con arrecendo a salguía, escomenzada a erguer con a pedra de un derruido mosteiro dos Templarios. Erguese no embigo mais aconchegado da Ria de Arousa, onde a xente vive do mar. Do mar como fartura e do mar como camiño. Ou si queredes, do peixe e da emigración. No esquema binario de semellante xeito composto comenzóu a trazarse a primeira coordenada de aquela vida. A de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

## NO FONDO DA VIDA. A PAMPA

Cando non tería mais de tres meses, e ainda se non fixaran na sua memoria as imagens familiares, a vida xogóu ao neniño a primeira mala pasada. O seu pai, mariñeiro de oficio, Manuel Rodríguez Dios, tomóu rumo a emigración. Embarcóu en Vilaxuan, a bordo de un dos derradeiros buques de vela que facian a travesia a Buenos Aires, ainda con a enerxía que levaba a Colón.

Dura experiencia para escomenzar. Maiormente para a conciencia do proxenitor, atrapado a vez por dous sentimentos na apariencia contrapos-

Pasaron mais ou menos dez anos sin que o fillo conocera a seu pai. Dez anos vivindo en Rianxo, tomando as primeiras letras de un escolante local. Dez anos no aconchego da sua nai, Xoaquina Castelao Gemne e dos abós pol-a mesma liña.

Si antepoño certos antecedentes dos primeiros anos, non é solo por mor do tópico rilkiano de que a patria do home e sua infancia.

E mais porque o episodio da urxida emigración do pai, como no caso de outros galegos esgrevios, resultaría conformativo, e parcialmente estructurador, da persoalidade do artista, do escritor, do político... cando ainda é cedo para o adiviñar.

Ao mariñeiro de Rianxo as cousas non lle foran mal, no oceano verde e monocorde da Pampa Central. Chegara logo a se facer dono de un «almacén de campaña», perto de Bernasconi, lugar da Cruz Colorada. Alí quixo rexuntar a familia e recomenzar a vida con a muller e o fillo. Agora o viaxe xa se facía desde Vilagarcía, n-un paquebote do Lloyd Norte Alemán.

No rapaz Daniel despertóu o autodidacta. Xa dera algunhas mostras en Rianxo de boas facultades para o dibuxo. Mais as posibilidades aproveitables para a formación **in situ**, eran cativas. Outro elemento dos que so os fados gobernan viría a mellorar a situación.

No decenio derradeiro do XIX editabanse en Buenos Aires grandes revistas gráficas. A mais difundida chegaría a ser **Caras y Caretas**. Seu director, ao longo de anos foi un emigrado galego, de Cervo, antigo diseñador na derradeira etapa da Real Fábrica de Sargadelos: Xosé María Cao. 2. Era o mesmo tempo xornalista, até en gale-



Compre pol-o tanto, supoñer que entre Cao e Castelao, sin se chegar a co-

Un risco xenerado no contorno vivencial, que si non se atallaba a tempo




A Coruña
Xuño de 1984

Vigo
*A NOSA TERRA*
Extra n. 3
1985

# PERSPECTIVA E CONTRAPUNTO DA OBRA DE BLANCO AMOR






No "Norita", no 1929, nunha expedición da que sairía, entre outros traballos, o libro 'Poema en catro tempos'.




VALENTÍN PAZ ANDRADE

*Marcheime unha mañan cedo,*
*quizais para non voltar.*
*Romances de follas murchas*
*debaixo do meu piar*

## PRIMEIRO LIVRO, PRIMEIRA RETORNANZA

Catro versos modosos. Os de cabeceira do primeiro livro de Eduardo Blanco Amor. Evocan o outono da terra nativa. A anada de pan e de viño esmorecía, no crepúsculo do ano, desde Guntín a Santa Cruz de Arrabaldo. Mais era, ao mesmo tempo, a primavera do home, que daba cara un mundo non conocido, seu primeiro estalo dramático nos abriles da vida.

Desde o inicio da aventura, e o asentamento do mociño migrador en Buenos Aires, á publicación de *Romances Galegos*, pasarían mais de dez anos. O autor xa tiña 31, e no mesmo, voltará a Galiza. Gardo o exemprar numerado da edición especial que me adicou. Atopabame en Vigo no mes de Santos de 1928.

Aquela non era senón a primeira corda da nova lira. Ainda non irnada e polimorfa, pero xa, de nacencia, ben timbrada e belida. Reparemos agora en que encomenzaba a vibrar nun tempo rotacional. O tempo en que na Terra outras dinas liras calaran para sempre, a sventar polo andacio mais devastador, que era a tisis.

A de Luis Amado Carballo e a de Manoel Antonio Pérez, foran as derradeiras víctimas.

Tres anos despois, no 1931, tamben na Arxentina, en edición numerada, aparecía *Poema en Catro Tempos*. O. Livro do que sospeito que, ademáis de ser vivido, foi escrito en Galiza. Pol-o menos de primeira man, que no autor nunca foi a definitiva. Podemos considerar a obra, como o segundo gran poemario do mar galego. O primeiro foi *De catro a Catro*, que pouco denantes da morte tiña publicado Manoel Antonio.

De certo xeito, livros paralelos. Non somente pol-a afinidade temática, pol-o título ou pol-a cronoloxía. Tambén pol-a sincronía estética vanguardista, cando non simbolista. Como fina amostra lembremos unha cuarteta blanco-amoriana:

*Un leve vento arpexo*
*zoa en cordas e palos con demora,*
*e rizando as guedellas*
*as zugadas de pipa do navío.*

Curiosamente o livro composto ten, só 23 páxinas en holandesa de luxo, mais leva duas adicatorias. Unha na primeira páxina: *Pr'os que morreron no mar.* E na portada interior outra, *A un pescador galego.* Non descobre o seu nome. Cecais por esixilo asin a modestia do destinatario. Mais agora que un e outro están no sagro chan, atópome en condicións de descobrir o segredo. Tratábase de Xoaquín Pazo Nartallo, de aquela patrón de pesca en Baiona. No seu barco, o autor saíu alguns días a pescar. A conocer na sua patria salgada os mareantes e os peixes. Eis no fogar do amigo - que tambén era meu - Eduardo tiña vivido dias porosos na sua primeira retornanza ao país de que se fora.

O terceiro livro da lírica de Blanco-Amor, escribiuno en castelán. Ten un título flexíbel: *Horizonte Evadido*. Livro que sin dúbida se arreda un pouco da estética dos anteriores. Mais que xa revelado extraordinario humorista que Blanco-Amor pudo chegar a seer. Macramente no poema final, que ainda sendo tan longo como feliz, e di todo no título: *Epístola moral a Sor Clemencia, amor Lola*

Ainda publicou en castelán, tambén imprentado en Buenos Aires, outro livro de versos: *En soledad amena*... Non é conocido en Galiza e penso que non chegou ás miñas mans.

*Cancioneiro* foi o derradeiro. Leva anteposta

"ROMANCES GALEGOS" NON ERA SENÓN A PRIMEIRA CORDA DA NOVA LIRA

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos

CENTRO EXPERIMENTAL DEL FRIO

## VALENTIN PAZ ANDRADE

**Origen de los procesos industriales, aplicados a la producción del mar**

Artículo publicado en el número Especial de la Revista del Frío



F GAL 107/28

## Origen de los procesos industriales, aplicados a la producción del mar

por Valentín PAZ ANDRADE (1)

PALABRAS PRELIMINARES



*Revista del Frío*, 1957

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos




Madrid, 24 de xaneiro, 1959



# EL MAR QUE NOS SUSTENTA

Por V. PAZ-ANDRADE

RRA, EL HOMBRE
Y EL MAR

l hombre y la mar, la vida
ley. Aunque haya nacido
undo, es ahora cuando
bsistencial alcanza su
e la tierra seguirá ob-
idad la mayor con-
s alimenticios. Sin
de la tierra sola.
escasez no po-
dizará cada vez
tividad agro-

pecuaria mejore. La tierra parece encogerse bajo la pesadumbre creciente e inexorable de la pirámide demográfica.

El mar, en cambio, adquiere día a día mayor gravitación sobre el destino de los pueblos. Uno de los esfuerzos más fecundos de nuestra edad tiende a asociar la multiplicación del hombre con la libre virtud multiplicadora de bienes que se esconde en la entraña líquida del planeta.

El crecimiento de la población mundial reclama un paralelo ensanchamiento del espacio alimenticio. Y el espacio

# PERSPECTIVA CONJUNTA DE LA ECONOMIA DE GALICIA

Por VALENTIN PAZ-ANDRADE

## INTRODUCCION

### La realidad y el tópico.

Para denunciar la realidad económica de Galicia y su insatisfactorio nivel de desarrollo, está de moda un viejo tópico. Viene traspasándose de generación en generación, como si se llevara en la sangre. Con él se califica a Galicia como región rica, que vive pobremente. O sea, rica de cierta riqueza congelada, pues ni siquiera permite vivir con desahogo al pueblo que la custodia.

Alguna vez, la frase parece tener ribetes de recriminación. Suena a modo de reproche salpicado sobre la conducta del país. Como si éste fuera responsable de no haber llegado aún a la época del deshielo. Como si fuera autor y no víctima, más o menos inocente, de la situación denunciada.

Pero se trata apenas de un diagnóstico de urgencia, más destinado a eludir que a propiciar ne-



VALENTIN PAZ-ANDRADE

*Visto por Laxeiro*

meros adquirir cronicidad, atenuar o estrangular incluso los impulsos espontáneos del crecimiento, pero sólo hasta que se ataquen eficazmente las causas. Hasta que las posiciones viciosas se remuevan.

Cuando se admite que una región tiene condiciones para ser rica, y que lo es en potencia, nadie puede obligarla a vivir eternamente como pobre. La existencia de países sometidos a profunda disparidad interna, ricos de derecho, pero pobres de hecho, entraña una acusación. No contra imponderables mitologías, ni contra supuestos inabordables. Contra los prejuicios, las tendencias y los errores que a lo largo de las épocas vinieron contribuyendo a perpetuar el dogal del círculo vicioso y las secuelas del estancamiento.

Ya sabemos que ni un dictado ni el otro —el de rica y el de pobre— deben aceptarse con rigor literal. Aun aplicados al conjun-

*Información comercial española*. Madrid, febreiro de 1963

# La aventura de Galicia en la mar

Por VALENTIN PAZ-ANDRADE

## SE COLOCO EN CABEZA DE LAS GRANDES REGIONES PESQUERAS DE OCCIDENTE

**EL AGRO, EL HOMBRE Y LA MAR**

El ala dinámica del sector primario de la economía gallega es la que se extiende sobre la mar. La otra, la que se abre tierra adentro, es el ala estática. Pero este fenómeno de intensa divergencia, más que originario debe considerarse sobrevenido. Es la consecuencia de un proceso histórico-social tan dilatado como represivo. No es una desigualdad macroeconómica, que tenga su raíz en la distinta condición o aptitud del sector humano vinculado a cada sector de la producción.

Como todo el mundo sabe, en Galicia es la sociedad rural la gran incubadora de la raza. Las gentes del área verde, malviviendo en el círculo secular de la depresión —cuando no de la pobreza—,



Madrid, 7 de marzo,1969

CHAN
La Revista de los Gallegos

NUM. 2 ● Madrid, 7 de marzo de 1969 ● PRECIO, 12 ptas.

# Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos




Barcelona, marzo,1978

## A tradición da rebeldía galega na nosa poesía

por VALENTIN PAZ ANDRADE

O dia 24 do mes dos Santos, como xa se tiña anunciado, o conocido escritor, economista e poeta galego, D. Valentín PAZ ANDRADE, hoxe Senador por Galicia, pronunciou a súa conferencia encol do vibrante tema **A tradición da rebeldía galega na poesia.**

Na presentación o Presidente Vázquez Sotelo dixo que Paz Andrade era un permanente loitador por Galicia. Otero Pedrayo gostaba decir que o primeiro que o presentara en público fora Paz Andrade cando ainda gastaba pantalón curto, e que o importante dista lembranza non era que o pantalón de Valentín Paz Andrade fose longo ou curto senón que revelaba que xa de neno se tiña entregado a causa de Galicia, como se seguíu entregando despois, de mozo, e cando conqueríu a súa fonda preparación como xurista,

Fixo a continuación uso da verba o Vicepresidente D. Luis Suárez, que escomenzou mostrando a sua alegría porque Galicia teña en Valentin un gran home público, un Senador auténticamente representativo da terra, un home con agallas pra recramar en todo intre os dereitos de Galicia, xa se trate dos labregos ou dos mariñeiros, das escolas ou da Universidade. E logo, lembrando os tempos de loitas galeguistas dixo: «Didiante de min pasa hoxe Alfredo Brañas; pasa hoxe Vilar Ponte; pasa hoxe Lugrís Freire; pasa hoxe Otero Pedrayo; pasa hoxe Castelao; pasan hoxe tantos e tantos loitadores daqueles tempos, que seguiron as «Irmandades da Fala», e fixeron a Xeneración «Nós».

O Sr. Suárez rematou a sua emozoada e emozoante intervención lembrando cando en Mondariz de Arriba un dia

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos

Madrid, setembro-outubro de 1974

## Problemática de urgencia de las pesquerías españolas

por *Valentín Paz-Andrade*

Desarrollo y complejidad

En los movedizos dominios d
desconoce las ventajas de la plan
mente las ventajas operacionales.

Madrid, xaneiro de 1983

AFG 136

ARBOR

CIENCIA, PENSAMIENTO Y CULTURA

TOMO CXIV Núm. 445 / ENERO 1983 / MADRID

## El precursor gallego de la ictiología marina

por *Valentín Paz-Andrade*

Los doce del XVIII

A dos siglos de retro-andadura, el de las luces en Galicia comienza a ser revisado. Tarea ya intentada monográficamente en torno a las más descollantes figuras, aunque sin ambición de totalidad [1]. Es ahora cuando parece llamada a adquirir dimensión global.

Bueno fuera que, al mismo tiempo, el esfuerzo cognoscitivo y

# Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos




Buenos Aires, outubro, 1951



## EL AGUA, LA TIERRA Y EL VINO

*Por V. PAZ ANDRADE*

Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos




Buenos Aires, xuño, 1962

# Castelao con Pontevedra ao fondo

*por*

*V. PAZ ANDRADE*

EPOS ET POLIS

Desde que Pontevedra enviudou do mar, leva o río aos peitos como unha nai leva o fillo. Na segunda decada do seculo era como a Bruxas galega, con fondo de natureza mais vizoso e cristaiño.

O tempo non contaba na vida da cibdade. Fixerase tan levián e abstracto que se dixera isolado da xente, a debullarse alá enriba, no reló da Peregriña, sen verter ardencia algunha no sangue dos homes. As torres da pequena cirexa central, presidian con esguia dinidade aquel lago de pedra e silenzo. Nin siquera se ouvia ben a badalada das horas, sincronizada co-a bola filipesca da Puerta del Sol e nin c-o meridian local.

Ollandose e reollándose no espello das augas mortas, a capital esmorecia como olimpo temporeiro do rexime, a onde o folgo reseco dos persoaxes politecos viña a arexarse pol-o vran. Foi enton cando se murcharon os deerradeiros refrexos das chisteiras da Restauración, ainda que a Monarquia resistíu once anos mais.

A roda dos vellos prohomes, engraudada nos dentes da Caeyra, de Poyo, de Lourizan, da Parda..., caldenantes nas almeas oscuras do Castelo de Soutomaior, o vivir provincial daba as suas lentas voltas. Eran xiros a ritmo de noria, resiñados, esmoentes, sempre na mesma orbita.

Foi d-abondo a fidelidade cazurra e barata dos segredarios ruraes, pra mexer e monxer aquel equilibrado aparello. A noria, sen apenas derramamentos, ìa dando de si canto lle pedían: actas de deputado, varas de alcalde ou xuez, empregos pubricos...

"no desterro" e a sua antifona lirica tiña un rexo acento augural.

No carto ninguante do seculo dezanove, abrirā o seu grorioso crecente a renacencia galega. As naos da poesia, que



CASTELAO

nin Nicanor Rey, nin outros craros varons das letras dos que houbo fartura, ficaron encadrados na rolda vindicadora dos percursores. A penas a polida elocuenza de Rodriguez Seoane, a laboura pacente de Cuveiro Piñol e a musa de Joan Manoel Pintos tomaron un quiñon pequeno no mensaxe dos pioneiros.

IMAXE E RUMO

Alfonso R. Castelao percorrera xa terras e mares, cando trocóu a ribeira salgada de Rianxo pol-a doce ribeira do Lerez. Era mozo, casado de pouco tempo. Temen de pouco tempo doctorado en Meiciña. Traguía o tíduo choido no tutelo, par-o deixar apodrecer sen magoar a saude allea.

En Pontevedra acougóu xeiras prematuras e das primeiras loitas politecas. N-unha casa da Rua da Oliva, radial do pequeno embigo urbán, montóu o seu estudo d-artista e abriu o seu fogar. Todos lembrades a sua estampa persoal, que no devalar dos anos apenas sufréu mutacións. Outo, membrudo sen deixar de ser esguio, aberto e animoso.

No seu andar habia mais do balanceo dos mariñeiros que do apromo dos labregos. Endeben, as mais agudas coalidades d-un e outro "specimen" compuñan n-él unha nobre sintese. No seu falar, ledo e rexoubeiro, habia tenrura e coor. Tiña verba chea de plasticidade, presta e mol aos revimentos da intenzón. Trazaba caricaturas orales de feitas e figuras con tanta axilidade expresioal como tiñan as que despois deseñaba.

Baixo as azas entornadizas do chapeu, os ollos veados pol-os vidros. As rodelas do aparello ocular, montaban garda permañente sobre do rosto. E as meniñas, probes de lus, desquitábanse no

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos



EL CINCEL DE FAILDE

Por V. Paz Andrade.

tista auténtico. Sentido más humano que divino, en la concepción y la ejecución. Más real que convencional, en la proporción y en la doble representación. Sobre los brazos de la cruz, coronando la muerte del Hijo y el dolor de la Madre, la piedra se transfigura con los más tiernos atributos de la gloria.

bolismo hai exuberancia nos acogen tor. Las m turadoras m marreta, al cantería.

Parece a plo de un a do al autor

*Failde Gago, por Prego de Oliver*

Abril-maio, 1958



VAI A PADRÓN

"MEU CAMBADOS"

por V. PAZ-ANDRADE

Se a y-alma do pobo non lidara por conta propia, con desprendimento dos feitos e dos feitíos externos, o Poeta non tería escoitado agora a chamada de Padrón. O seu Cambados "probe" mantería se hoxe, como de coto, alleo a Pascua frolida pol-o estalo íntimo do agarimo popular, envolvendo ao seu fillo mais esgrevio. Como de cote, Cambados ficaría "deitado ao sol, a veira do mar", cos seus curiales agudos, seus mariñeiros curtidos, seus pazos acugulados de soedade... Non se erguería de novo, empurrado pol-a brís zoadora de Tragove, para botar a andar, "fidalgo e sonador", pol-o camiño

*Ramón Cabanillas*



*Pescadores en una parte cualquiera de la costa gallega.*

GALICIA, EL HOMBRE Y LA MAR

Por VALENTIN PAZ ANDRADE

SOLIDARIDAD EN EL RIESGO

Nada une más al hombre con el hombre, que la comunidad en el

la integración, aunque para ello haya de eliminar el contorno individual.

"O rigueur tu n'es un signe, Qu'a mon âme je deplús!"

neraciones del mismo tronco familiar pueden, y aun suelen, entregarse al mismo primario afán, sobre el convés de la misma nave.

Febreiro, 1955

Buenos Aires
Novembro, 1955



# GALIZA, PINTOS E CASTELAO

Por VALENTIN PAZ-ANDRADE



## NOMES MILIARIOS

## O PRECURSOR ESQUECIDO







## O RIANXEIRO UNIVERSAL

## DOS VERSOS AS CIFRAS







*Galicia.* Buenos Aires, 1975

# NUEVA CAÑIZA

**Semanario local independiente, defensor de los intereses obreros y agrarios de la Comarca**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Segunda época | SUSCRIPCIONES<br>Galicia, un trimestre . . . . 1'50 ptas<br>Resto de España, semestre . . . 3'00 »<br>Extranjero, un año . . . . . 10'00 »<br>ANUNCIOS<br>Precios convencionales - Pago anticipado | La Cañiza, domingo 18 de Octubre de 1931 | Toda la correspondencia al Director<br>**Número suelto 15 céntimos** | Año III<br>Núm 123 |


## VERBAS O POBO

### O NEMIGO

Dixo Valentín Almirall do centralismo, que non respeta os feitos, mais que cando se non sinte forte d-abondo prós esnaquizar. As verbas do chorado apostolo catalanista, chegaron a ter agora, a-o cabo de moitos anos, prena confirmación hestórica.

O centralismo semella consusbtancial con España; c-unha España que coidábamos definitivamente asulagada na pleamar cívica do 14 de abril; pró que sigue aboiando, a despeito de ventos federalistas e tempestades palramentarias.

Cando todos o supoñían ferido de morte, o centralismo acaba de se defender arriscadamente na Asambreia Constituinte. Cedéu somentes diante d-un feito que maxina mais forte que él: Cataluña. Mantense disposto a soster longa retesía, avarentos regateos, car-a demanda autonomista das rexións que sospeita menos compactas ou mais doadas a resiñación: Vasconia, Galicia, Valencia...

En canto as outras... nin falar, pois a-o centralismo sobranlle burocracia e guarda civil pr-as someter.

En verdade se olla, que a razón de ser do centralismo español, non é outra que o dereito tradicional e bárbaro do que mais pode. Así hubemos de califical-o coma un xeito de imperialismo interior; cego poder caído de sempre no abuso da sua propia forza, que non reconoce, alleo a ela, senon aquelo que non se sinte capaz de domear.

---

Tal é o impoñente nemigo.

Tal é o impoñente nemigo.

Galicia terá de o vencer, porque non é dos que se deixan convencer; porque non está afeito a ser xeneroso sen loita.

Non agardemos a autonomía coma un don maduro, que poida dependurarse espontáneo do albre secular do Estado, refrorecido agora baixo a Repúbrica. Somos nós os que temos de abalar o firme tronco, e facer que acalumiñado pol-a quentura do ideyal, o froito se pinte dos roibens da sazón.

Comprenos aguzar e disciprinar a vountade de ser, e opoñer a negación centralista, degradante y-emprobecedora, a vertical e fecunda afirmación da persoalidade galega. Vountade de vivir o noso destiño hestóreco, mais non coma unha pasaxeira emoción lírica, senon con permanente adicación integral. Recibindo alentos da fé no propio valimento, da confianza no proveitoso render dos nosos esforzos libres.

A todal-as capas do pobo, hoxe ainda receosas e insolidarias, ten que chegar a nosa acción. E preciso vivifical-as coa seiva nova, avencellal-as n-un común afán de criación, pra que a autonomía determiñe un reaxuste xeneral das actividades galegas, precursor d-un próusimo e tanxible estado de milloranza.

---

Non esquezamos que encol do espíritu do pobo, pesa o triste herdo moral das desilusións. Cantas veces puxo a súa sinxela fé nos homes ou nas doctriñas, cuase tantas sentiuna esmorecer na friaxe dos desenganos.

Temos que superar o seu pesimismo xordo, tratando de incorporal-o en espírito y-en corpo a obra groriosa de lle dar a patria unha existencia nova. Temos que movilizar as suas falanxes rudas e nobres, a-o servicio do úneco ideyal que interpreta sen ficción o séu xenio e lle siñala o destiño vital que no mundo tiña reservado.

D-este xeito, en comunión xeneral de conciencias afincadas n-unha mesma fé, viviremos espiritoalmente a autonomía, sen agardar a tel-a materialmente. Y-enton frente a nosa demanda, apremiada pol-a vountade expresa de todo o pobo galego, o centralismo non resistirá. Perderáse pra él unha morta parcela adeministrativa, y-en troque, un país redivivo e dono de sí ganaráse pr-a verdadeira España.

Vigo, outono, 1931

V. PAZ ANDRADE.

A Cañiza
18 de outubro
de 1931

# Valentín Paz Andrade no Museo. Artigos



LA NOCHE

SUPLEMENTO DEL SABADO

CASTELAO

EL HOMBRE Y EL ARTISTA

Por Valentín PAZ-ANDRADE

Desde nuestro lado

Ancha es España

14 de xaneiro de 1950



LA NOCHE

vida y economía

Arosa: la isla del pulpo

Carballino, Monforte y Orense, máximos consumidores del suculento cefalópodo

Por MAREIRO

pesca

Malas coladas en el Grand Sole

10 de novembro de 1949



LA NOCHE

La economía pesquera, en la organización administrativa (I)

Por MAREIRO

Santiago de Compostela 20 de novembro de 1951

Valentin Paz Andrade no Museo. Artigos

A PENEIRA/Febreiro 1985

A PENEIRA



# Vella lembranza de Ponteareas

A vila do Tea, sin esforzo e con alaudo, desperta na miña memoria un eco benamado. Até diría que un dos mais entranabeis que naquela pudera acochar. Tambén sospeito que pudera ser hoxe boa oportunidade para lle dar ao caso –ainda que en cativa prosa– unha expresión perdurabel.

* * *

A familia no seo de cal vin ao mundo, moraba na parroquia de Lerez. A que da nome a un dos ríos mais belidos e ilustres de Galiza. O que morre románticamente abrazando pola cintura a capital da provincia.

to que
e sei c
meu p
de ben
Nos
século,
catro,
a miña
Pontea
foi aqu
tal co
facía.
que eu
a nai.
fora d
teño re
Pasa
non m
días

Por circunstancias ben normales na época, os da miña casa mantuveron relacións estreitas e alongadas con xente da clerecía. Non en balde miña aboa –que con nos vivía– era sobriña de Frai Johan Arribas, derradeiro Prior do Convento benedictino, onde estudaran latín e humanidades os P.P. Feixóo e Xarmiento. Nos anos da exclaustración, Frai Johan acolleuse a casa que mandara construir para a sobriña. Baixo o mesmo teito eu viría a nascer.

* * *

Sospeito que de aquele antecedente, deriva a estreita relación que, na nosa casa se tiña con a figura de quen agora vou falar. Tratase de un ilustre Abade de Ponteareas, o Dr. D. Francisco Javier Pimentel. Un nome como tantos inxustamente esquecido hoxe.

Era home de trato señorial, de cultura sobresainte e orador de longa sona. Viña varias veces ao ano a Pontevedra e sempre se aloxaba na nosa casa. Sospeito que foi quen me bautizou, e sei certo que apadriñou a meu primo Javier Andrade, de ben lembrada memoria.

Nos primeiros anos do século, cando eu tería tres ou catro, o Dr. Pimentel invitou a miña nai a pasar uns días en Ponteareas. Supoño que non foi aquela a primeira vez que tal convite inter-familiar se facía. O certo é que o neniño que eu era ainda, acompañou a nai. Foi a primeira saida fora do círculo natal de que teño recordo.

* * *

Pasamos alí calculo que non mais de catro ou cinco días. E lémbrome de ter xogado con rapaces da veciñanza, nas duas grandes plazas da vila. Na cabeceira de unha delas atopase a eirexa parroquial, que até hoxe non mudaría.

Con algúns dos nenos de outrora conservei boas relacions, moitas reverdecidas despois no colexio Balmes de Pontevedra, na Universidade de Sant Iago, ou nos anos vinte, cando eu dirixín en Vigo o xornal "Galicia", que atoparía na vila medrada e asidua audiencia.

Ponteareas, a contrapelo das suas tempadas de outa politización, sempre foi un recanto de galeguidade, fértil en valores das letras e do arte, o mesmo que en humoristas e homes de toga. Atributos que sabe mantener con gallardeza, como ésta tribuna demostra agora.

E sempre fonda ledicia para un, despois de tantos anos, ter oportunidade de reverdecer unha estampa da vida vilega, ainda que sexa a conta de pura anécdota, sin outra trascendencia.

Vigo, febreiro, 1985.

Ponteareas
Febreiro
de 1985